



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E A FUNDACIÓN PÚBLICA GALICIA EUROPA PARA O DESENVOLVEMENTO DA DISPOSICIÓN ADICIONAL 2ª DA LEI DE ACCIÓN EXTERIOR

1. A Fundación Pública Galicia Europa (FGE) creouse ao amparo do artigo 34.1 da Constitución española e réxese pola Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego e normativa de desenvolvemento, inscrita no Rexistro de fundacións de interese galego, con número 1988/1. É unha entidade sen ánimo de lucro e unha entidade instrumental do sector público autonómico de Galicia. Foi declarada de interese galego pola Orde do 24 de maio de 1988 e resúltalle de aplicación a Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, en concreto, o artigo 118 de réxime orzamentario, económico-financeiro, de contabilidade e de control, e o artigo 119 de auditoría e control; dependente do padroado, coa composición e funcións que se determinan nos seus estatutos.
2. A FGE, creada para promover todas aquelas accións que propicien o achegamento entre Galicia e Europa, centra o seu labor en defender os intereses de Galicia ante a Unión Europea, promover a participación galega en proxectos europeos, e informar, formar e sensibilizar sobre a Unión Europea en Galicia. A Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia recolle o mandato outorgado á FGE para exercer a representación autonómica galega ante as institucións e órganos da Unión Europea seguindo as directrices do Goberno autonómico e respectando os principios de unidade de acción exterior do Estado.
3. Segundo a Disposición Adicional segunda da Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, cando existan necesidades específicas do servizo, conxunturais ou motivadas polo aumento do volume de traballo que requiran reforzar as actuacións precisas para a tramitación, o seguimento ou o impulso da participación autonómica en asuntos da Unión Europea, os órganos competentes do sector público autonómico poderán de forma motivada encomendar estas funcións a persoal funcionario ou laboral e desprazalo, sempre que se conte en todo caso coa aceptación do dito persoal, ás oficinas da FGE, sitas en Galicia e en Bruxelas-Bélxica ou noutros países da Unión distintos de España, mantendo o seu réxime xurídico de orixe e posto de traballo, considerándose en servizo activo e percibindo as súas retribucións con cargo aos órganos ou ás entidades do sector público encomendantes. A duración deste traslado poderá ser de seis meses, prorrogable excepcionalmente por outros seis no caso de que se manteñan as referidas necesidades.
4. Segundo o artigo 44 do Decreto 36/2024, de 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea ten entre as súas competencias o seguimento das actuacións da FGE. En concreto, a coordinación técnica corresponde á Subdirección Xeral de Relacións coa Unión Europea e a coordinación de xestión





corresponde ao Servizo de Xestión Económica, Administrativa e de Inspección e Control.

5. Galicia debe asumir desde o 15 de febreiro de 2025 ata o 31 de xullo de 2026 a coordinación da Delegación española do Comité das Rexións. A Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE é o órgano ao que lle compete desenvolver este cometido, en representación da comunidade autónoma. Dado que o director xeral de Relacións Exteriores e coa UE é tamén o director da Fundación Pública Galicia Europa, é preciso contar co apoio loxístico en Bruxelas e realizar as actuacións en colaboración coa Fundación Pública Galicia Europa. Isto supón unha sobrecarga de traballo para a Fundación Pública Galicia Europa respecto das súas actividades habituais, polo que necesita facer uso da dita disposición adicional segunda da Lei 10/2021.
6. A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes considera esencial o apoio á FGE, polo que autoriza a que un dos seus funcionarios se desprace á sede da FGE en Bruxelas como reforzo do seu persoal por un período de seis meses prorrogables por outros seis. O dito desprazamento e as súas condicións recóllese neste convenio de colaboración entre a Consellería e a Fundación Galicia Europa.
7. Durante a vixencia do desprazamento a persoa funcionaria desprazada manterá o seu réxime xurídico de orixe e posto de traballo, considerándose en servizo activo e percibindo as súas retribucións con cargo á Consellería da que depende o dito posto. A FGE cubrirá os gastos de viaxe (un único pagamento de 600€), a manutención (1.200€/ mes), unha axuda de aloxamento (1.000€/ mes) e 100€ en concepto de seguro adicional de cobertura sanitaria en Bélxica coa finalidade de evitar o impacto que o copagamento belga puidera ter na asistencia sanitaria da persoa desprazada
8. Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia. O dito convenio ten natureza xurídico-administrativa polo que se rexerá pola Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, quedando fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, de conformidade co seu artigo 6.1. Este convenio rexerá polas súas propias cláusulas e a interpretación que destas realice a Comisión de Seguimento, así como pola normativa xeral que resulte aplicable, aplicándose os principios da Lei 9/2017, de contratos do sector público, para resolución de dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Asinado electrónicamente en Santiago de Compostela
O director xeral de Relacións Exteriores e coa UE
Jesús Gamallo Aller

